

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL
ANO VII — NÚMERO 182 — 1.º ABRIL 1923

AS CONFERENCIAS DA IRMANDADE

A do irmán LUGRÍS FREIRE



O viernes 16 de Marzo pronunciou a cuarta conferencia da serie organizada pol-a "Seición de Cultura e Fala", o noso querido e distinto irmán D. Manuel Lugo Freire. Falou de "Unha leición d'etnografía". Fixo a presentación do Sr. Lugo o noso querido irmán Peña Novo, quen n'unhas frases co'a elocuencia en il característica falou da personalidade do conferenciante. Dixo que a él délese na maior parte o desenrolo que agora tén o teatro galego, pois Lugo foi casi o iniciador d'él escribindo varias obras cando casi ninguén o fixera e que aínda hoxe son representadas en toda Galicia. Falou de toda a labor literaria feita pol-o irmán Lugo e gabou a "Gramática do Idioma Galego", recentemente posta á venda. Estudou despois a Lugo como nacionalista de toda a vida, facendo resaltar a parte activa que aínda agora, aos seus anos, toma no movemento nacionalista actual. Rematou decindo que o nome de Lugo ten un posto de honore na historia do rexurdimento de Galicia. Peña Novo foi moi apraudido.

Despois o irmán Lugo comenzou a desenrolar a súa conferencia de cuia importancia poderán xuzgar os nosos lectores pol-o extracto taquigráfico que a continuación publicamos recollido pol-o noso irmán Enrique R. Sabio.

Ao final da conferencia o numeroso público que a ela concurriu ovacionou ao Sr. Lugo, que foi moi felicitado.

Eis o extracto da interesante e patriótica conferencia:

Unha leición d'etnografía

Verdadeiramente que as palabras que acaba de decírnos
• noso distinto irmán Peña Novo déixanme confundido,

pois eu ñoraba que fora todo eso que él tivo a amabilidade de nos dicir. O que eu podó decírvos, en verdade, é que non fun niñ me sentín endexamais con pulos d'apostol. Sinxelamente, nos primeiros anos da miña mocidade, erguéuse na miña alma a convicción de que era fillo d'unha terra asoballada, e que, liberándoa, acadaría a outa categoría d'home libre e dino. Traballei, pois, pra me redimir, pra têr a fé nos altos destinos da Terra; traballei no meu favor, e nada cumpre que me agradezades por tal traballo.

A conferencia que hoxe vou facer, tén por obxecto que aqueles que por intuición e sentimento sintan fé no nacionalismo galego se den conta de que, ademais, ese sentimento está fundado en principios verdadeiramente científicos. D'este xeito será mais firme a vosa opinión; que sabido é que, na humana psicoloxía, os mais fondos e firmes amores poden trocarse en sentimentos opostos, en odio; mais cando eses amores, santos e esgrevios, van cimentados na realidade científica, son immorrentes, indestructíbles, eternos.

CONSTITUCION DA TERRA

Nos tempos d'agora, entre certos sectores da opinión, tén grande predicamento o cosmopolitismo. Eu, home das esquerdas, tamén son cosmopolita, mais samente no senso xurídico; quero dicir, que a xusticia, a liberdade de todol-os homes, o respecto á todol-os lexitimos dereitos, o reconecimento da dindade humana, non debe têr fronteiras nin límites. Mais, fixédevos ben, todo esto non tén efectividade se non se reconece o home dentro da realidade, distribución, e aicidentes que no mundo o arrodea.

Supoñede por un momento que a Terra en que vivimos puidéramos collela e colocala n-un inmenso torno; e, dando voltas á ballesta e c'unha non pequena gubia, imos adeando a superficie da esfera d'unha maneira matemática. Feito xa este labor, collemol-a Terra e colocámola no espazo, nos ceos, de tal xeito que o padre Sol alumee e quenza d'unha maneira igual os incontabres puntos da esfera. Naturalmente que entón o mundo en que vivimos tería un crima igual en todas partes, e, consiguientemente, a mesma vexetación e os mesmos animás en todol-os ordes. A unha só mesoloxía, unha só consecuencia biolóxica. O cosmopolitismo, sería, daquela, unha realidade científica.

Mais o mundo non é así, nin as forzas humanas poden varialo. Temos que aceptalo como Deus ou a Natureza o produxo. E estas variedades de crima, calor, humedade, correntes marinas, liñas isotérmicas, etc., foron e son as que producen as diferenciacións dos grupos humanos, dos pobos, das nacionalidades, e que a ciencia estuda baixo a denominación d'etnografía.

ETNOGRAFIA.—CENCIAS AUXILIARES.

Esta rama da ciencia comprende os tres grupos chama-

dos etno Xenia, etnografía e etnoloxía. A primeira estuda o orixe da especie humana, a segunda clasifica os caracteres de cada unha e a terceira ocúpase da distribución de cada raza no planeta, as emigracións que fixeron, evolucións e relacións con outras, e porvir que de todo pode deducirse. As dúas primeiras son de carácter filolóxico, e a derradeira, social; mais as tres xuntas denomináanse xenéricamente etnografía.

As súas ciencias e coñecementos auxiliares son a filoloxía, arqueoloxía, xeografía física, literatura, particularmente a do pobo, historia, etc.

Pra mellor metodizar esta conferencia; e coa fin de facerme entender facilmente e poder saír d'algunha maneira do atranco en que me metín, farei unha referencia dos factores que existen e demostran a nacionalidade indiscutible da terra de Galicia.

FACTORES

Son de dúas crases: estáticos e dinámicos.

Son factores estáticos: a raza, a tradición, a lingua, o territorio, o clima.

Son factores dinámicos: o medio social atuando nas literaturas, o insino, as revolucións, os problemas económicos e políticos á resolver, as artes nas súas manifestacións particulares, etc.

A RAZA.—DENOMINACIÓN ETNICA.
A LINGUA.—DIFERENCIA CÓ PORTUGUÉS.—O TERRITORIO :-: :-: :-:

A raza galega é predominantemente celta. As tradicións, a toponimia, o carácter diferencial entre o home e a muller, que reconece n-esta unha superioridade real sobre as mulleres d'outras razas, e aínda sobre os varóns seus irmáns; os moimentos de que está inzada a terra galega, tales como castros, mámoas ou medorras, pedras xudiciarias, mensaas, etc., e mil sinais mais estudadas e reconecidas por todos, demostran que o fondo do noso pobo é sinxelamente celta. Pertencemos, pois, a unha raza que pola súa historia e pol-os homes de altísimo saber que deu ao mundo, podemos chamala "a aristocracia das razas xaféticas".

O paso da raza euroafricana, os cartaxineses, dos gregos, dos romans, e derradeira, dos suevos, non lograron modificar o fondo étnico da nosa poboación. Cando mais, os gregos e romans deixaron os sinais da súa influencia no idioma, inda que non na cantidade que algúns supoñen.

Portugal non pode presentar este factor tan nidiamente coma nós. Tén un composto antitético e estrano. Mentras no norte acúsase a existencia dos celtas, no sur son ligures, e no centro unha mesturanza en que entran dende os antigos lusitans, iberos e ligures, hasta a raza de coor, inda que moi esmorecida dende os tempos de D. João I.

A denominación étnica de Galicia persisteu a través de todos os tempos da historia. A noticias mais antigas, as cartas mais vellas da xeografía, dan sempre ás terras nosas a denominación de Galicia. Podemos dicir, sin medo a trabucarnos, que ningunha nacionalidade europea, tivo mais inalterablemente o seu nome étnico, e ben sabido é que tal

denominación tén unha relación grande coa diferenciación das xentes que ocupan un territorio.

Castela, Andalucía, Valencia, a mesma Francia e Inglaterra, son denominacións novas. Portugal non se chamou así hasta os tempos da reconquista, en que tomou o nome do Porto, según os historiadores lusitans.

A lingua de Galicia, a que acadou mais axiña cultura literaria entre os idiomas hispánicos, tén características propias, vernáculas, que fan d'ela un instrumento orixinal. Aparte do seu réxime e construción, das particularidades da súa morfoloxía, e do número de sons que rexistra a súa fonética, a música, o "modus dicendi" e de tal natureza que rompe a semellanza con todas as demais, incluso o portugués. Cando eu fixen a miña gramática, na fonética portuguesa nonachei nada, ou casi nada aproveitábre. A vocalización do galego, agás da súa variedade, é crara e precisa; naméntas que a do portugués é obscura e indeterminada, de tal xeito que aínda os acostumados á ouvia deixamos d'entender algunhas verbas, que, graficamente, teñen a mesma representación nos dous idiomas. As semellanzas que teñen entre si, non son d'abondó para decirmos que sexa unha mesma lingua.

A estes factores estáticos, positivos e verdadeiros, podemos axuntar o do territorio, fundamento da mesoloxía que, á través dos séculos, vai producindo unha fisiomía especial na alma, e na vida toda d' unha raza.

Galicia é un territorio atlántico e europeo. Mentras que no Portugal os seus ríos principais nascen en terras de Castela, os nosos ríos son nosos e fillos d'un sistema orográfico sómente galego. O noso río Miño nasce e morre no territorio patrio, despois de regar as terras dende o norte hasta o sur de Pontevedra. A él van a se xuntar, en estreita aperta, os ríos de segundo orde, entre os que figuran o Sil, que ven de terras irredentas. Despois ven o segundo sistema orográfico, tamén atlántico. O Xallas, o Tambre, o Ulla, etc., son sómente galegos, e fan a vertente occidental, completamente allea aos demais territorios peninsulares.

En verdade que sería parvo que vos fixese agora unha descripción da nosa Terra, para vos convencer do grande que son as súas diferencias cós demais países peninsulares. Mais non deixarei d'afirmar que a terra, a paisaxe, o grado d'humidade, a radiometría, son un factores de tal natureza, que sómente eles poden, despois de moitos séculos, producir aqueles outros factores que determinan a existencia d'un pobo con dereito a acadar a súa personalidade.

A relación que a terra ten cō progreso do pobo que nela vive e de tal xeito, que non pode deixar de chamarnos a vosa atención en col d' esta particularidade.

O poeta portugués Teixeira de Pascoaes, no seu libro "Arte de ser portugués", di estas verbas de fonda verdade: "O homem transviado tem de voltar atraz ao local sen conhecido, para alí retomar a verdadeira vía, o rumo que levará ao seu destino. O que parece un regreso nao ó mais, a final, do que un avanzo."

Ende ben: Galicia vai transviada, por un camiño que non sae do seu orixe. Queren donarlle unha cultura allea, unha lingua que non é súa, unha arte que non nasceu na

sa alma; no orde xurídico, queren eivala con leises que non responden aos seus costumes nin ás súas necesidades; e empeñados moitos dos seus fillos en "castellanizarla", producen un androxinismo que nos fará caer na máis abafante dexeneración. A nosa etnografía non é a de Castela, e as nosas xentes non poden progresar dentro d'unha cultura—chamarémoslle así por chamarlle algo—, que rompe coas leises da natureza. E d'esta maneira esqueceráse todo o que é noso, o esoterismo fillo de máis de vinte séculos de vida, que na nosa fala, en forma de refrás, serve para dirixir os traballos dos nosos labradores e mariñeiros. A nai Terra somente pode facer grandes aos seus fillos, se estes non viven no desleigamento.

HISTORIA.—REVOLUCIÓS

Os primeiros tempos da nosa historia adiviñanse pol-as tradicións, que perduran anida nas literaturas dos pobos, nosos irmáns de raza. Nos poemas osiánicos e nas lendas armorianas e galesas faise alusión á terra de Breogán, proxenitor fabuloso dos pobos celtas. Mais tarde, e de xeito máis concreto, fálese xa das indómitas tribus que vivían n-esta terra, particularmente dos ártabros, que non foron xamais domeñados. Gregos e fenicios tiveron relación cós habitantes das terras mariñás, relacións sinxelamente comerciais; e máis tarde os romanos quixerón asoballarnos. O Medulio foi testigo do heroísmo dos galaicos, que preferiron morrer á ser escravos. Galicia foi a derradeira nacionalidade que entrou á formar parte de Roma.

Nos momentos en que o Imperio corría perigo de morte, un emperador galego, Teodosio, foi o salvador do esmorecente poder dos césares. Aínda ao norte do Danubio e nas terras de Helvetia; no Angadino, viven os descendentes d'aqueles celtas que con Annibal fixeran marinar á dona do mundo. Galicia exercía entón un poder director e positivo.

Mais tarde, cando apareceron as doutrinas de Cristo, os celtas galaicos alimen o ser e crearon as novas ideas, que representaban un progreso meirande sobre das vellas teogonías. As campas galegas foron as primeiras, entre os pobos do occidente, que tiveron o sino redentor da Cruz. Pero tamén é certo que foi o primeiro pobo que produxo unha herexía por virtude d'aquel grande mártir chamado Prisciliano.

Na época sueva tivo Galicia días de esplendor nos reinados de Requila, Requiario e Teodoniro, que lograran xa fundir n-un mesmo pobo a invasores e galegos. Mais o grande erro d'aqueles caudillos estivo en querer asoballar e someter á Galicia pobos diferentes, que nos privaban da unidade étnica mester pra a existencia d'unha nacionalidade.

Chegaron despois os tristes días da invasión árabe. Un fado de señores, cobardes e viciosos, fuxían en busca de achego seguro, e a nosa terra foi a escollida. Aquí, onde non se coñecía máis títulos de nobre que o de conde, que quiriña dicir "recaudador de trabucos", apareceron os señores godos, que máis adiante habían de ser os verdugos das nosas liberdades, os lixadores das nosas leis e costumes,

e os inventores de total-as cargas que tiñan de pesar, hasta agora, sobre a nosa propiedade.

A liberdade da terra é consustancial coa liberdade do home, e Galicia, no século XV chegara á máis grandes das servidumes. Creáronse as irmandades, que tiveron por caudillos a Alfonso de Lanzós e ao gran galego Pardo de Cela. Os castelos feudales eran derrubados, os señores fuxían pra terras alleas, e, entre medias d'esta maneira revolucionaria, Galicia, buscaba, e tiña d'hachar, a súa constitución definitiva, d'acordo co espírito das súas xentes. Os irmandinos foron combatidos pol-o poder real e pol-os caciques d'aqueles tempos; e Pardo de Cela, mediante uns traidores pagados pol-o poder castelán, foi morto xuntamente co seu fillo, que non tiña outro crime que o de ovedencia á seu pai. A historia tocou estes acontecementos con verdadeira parcialidade, mais os bós galegos lembraran sempre con fonda saudade a triste data do 17 de nadal de 1843, en que a nosa nación foi asoballada pol-a máis negra traición.

Dende entón puxéronse en xogo total-as mañas para "castrar" á este pobo baril e xeneroso. Cando chegou o ano de 1658, en que Portugal logrou a súa liberación, as crases directoras de Galicia xa non tiñan a máis pequena idea da nosa existencia como pobo, e desaproveitaron aquela ocasión de liberar os patrios eidos.

Aínda así e todo Galicia, como dí o poeta, sempre morta pero sempre viva, demostraba que gardaba dentro de si todol-os elementos para constituir un pobo libre. Santiago fora o centro da ciencia hispánica, Pontevedra sostíña unha escola de náutica de que saían os grandes navegantes Os Nodales, Sarmiento da Gamboa, e outros máis. Quizais o almirante Colón era tamén galego, e, por triste sarcasmo, deu un mundo á quen furtara a liberdade da súa patria.

PERSISTENCIA DA NOSA PERSOALIDADE

Seis séculos de tiranía, de persecución, de abafamento, d'aldraxe e inominia, en que todo nos foi negado, en que a nosa fala era considerada como verbe de párias, en que todo s'escribía en castelán, traballando para tan triste fin moitos dos seus fillos; Galicia vive, Galicia é inmortal! A nosa música, a nosa fala viven con máis pureza e máis agasallada pol-as xentes, que nos tempos dos Reis Católicos. Galicia vive, porque tén total las condicións que a etnografía reconosce para que un pobo poida formar corpo de nación, para que teña dereito a arredarse do estado que só merecé o nome de "administración", mais nunca o de nación. Que así non pode nomearse unha xuntanza híbrida en que viven acorando pobos dínos de mellor sorte.

ARTE E LITERATURA

Galicia foi sempre terra fecunda en grandes artistas. Se os nomes dos seus grandes mestres dos séculos medios, e os de Felipe de Castro, Gregorio Hernández, Moare e tantos outros non foran d'abondo, ahí tendes o arte do pobo que engaiola aínda os nosos corazóns coa súa música meiga e cós seus romances, lendas e cantares. Galicia é un pobo fundamente, sustantivamente lírico.

Cando os nosos poetas empregaron o fala galega, apareceron entón eses grandes luceiros que se chaman Valentín Lamas, Curros, Pondal, Rosalía, que eles abundan, se mais non tivéramos, para facer inmortal á terra dos nosos amores.

A facultade que tén un pobo de crear unha forma verbal aos seus sentimentos e pensamentos, é o que mellor revela o seu poder de carácter, de raza, di Teixeira de Pascoaes. Galicia tén esa facultade de tal xeito, que ningunha forza humana poído esmorecer, e a nosa poesía vernácula espertou en todol-os corazóns as aloumiñantes arelas pol-a definitiva liberación.

A MAIS ALTA RAZON

Ainda supoñendo que o noso territorio non tivera as condicións étnicas que son mester para constituir unha nación, hai outra razón, d'unha forza asoballante, que non podemos discutir pol-a súa existencia real. Esta razón é que no noso corazón vive, latexante e immorrente, un grande, un outísimo e santo amor pol-as cousas todas da santa madre Terra.

Ainda aqueles que fluxen dos eidos en procura de pan, analfabetos, ñorantes, que non levan unha sô idea fisiográfica da patria; aqueles desamparados e esprotados, que humanamente non deberan gardar na súa alma mais que sentimentos de rebeldía contra da súa mesma nacementa; aqueles, que nos longos anos da miña emigración vin eu morrer na quinta do Centro Gallego da Habana... aqueles, ac deixar a vida, non tiñan nos seus labios mais que duas verbas santas: o nome da nai e o de Galicia!

¡Oh terra sempre amada, ben quixera eu que todo eso da santa compañía fora unha realidade, para que o día do teu trunfo, entre as somas da noite, puidera eu baixar á bicar a terra xa redenta. Que os ceos queiran que así sea, e sobre todo, á querelo todos, pois como decía o gran Murguía, "xa que como un pobo diferente, debemos de sêlo".



Ao rematar a conferencia do irmán Ligrís, o noso querido e distinto amigo D. Anxel del Castillo obsequiou aos concurrentes ao acto con unhas proyeccións de paisaxes e vistas de Galicia que o público gabou calurosamente, felicitando e apraudindo ao Sr. Castillo. Moito obrigados á amabilidade do querido amigo, que tanto e tan ben traballa pol-a divulgación das nosas cousas facendo unha labor meresciente das mais grandes loubanzas.



O día 23 pronunciou a quinta conferencia o noso querido irmán o gabado escritor D. Xosé Lesta Meis. Falou de "A nosa psicoloxía".

Asua conferencia, moi interesante, publicáremol-a íntegra no próximo número.

O médico Rodríguez

Decimos o médico Rodríguez e decimos mal; porque aquel esgrevio cabaleiro que encheu a Historia da Cruña no que vai de século, non podemos certamente definilo dentro dos lindeiros profesionales, porque él inda dentro da súa actividade médica nunca foi un profesional sinon sempre un apóstol. Mais o pobo bautiza sempre aos seus grandes homes, e a figura de Rodríguez xa fica na conciencia de Galicia co sobrenome de "Médico", do mesmo xeito que tamén chamamos "divina" á nosa gran lirica Rosalía.

Inda está por facer o estudo do médico Rodríguez. Ningunha intelixencia tan vigorosa e fecunda, ningún corazón tan humanitario e xeneroso, ningunha figura tan aristocrática coma a súa. Todo isto era o médico Rodríguez, pero inda era moito mais. Fai dous anos que morreu, e n-esta hora tristeira cómprenos adicarlle, en nome de toda Galicia, unha garimosa lembranza, porque os irmáns da Faia na nosa xa groriosa historia temos como nobre executoria haber recibido en herdo os derradeiros pensamentos d-aquel gran patricio.

O noso respecto para os mortos; pero maior ainda o noso respecto a verdade. Moitos din que o médico Rodríguez foi a derradeira figura d-unha época de románticas arelas de liberdade; e isto non é certo; isto é unha ofensa para o morto e unha inxusticia para a xeneración presente; nunca tantos románticos houbo en Galicia como agora, nunca tan denso e profundo foi como agora o sentimento de liberdade na nosa terra. E o médico Rodríguez non foi o derradeiro home dos tempos idos: foi o home mais grande d-aqueles tempos, o que deu carácter a toda unha xeneración da nosa Cidade, que si mereceu o título de Capital de Galicia por ser o berce das nosas liberdades, a zona franca onde tiñan hospitalidade xenerosa todas as ideas e onde xermolaban todas as rebeldías, foi porque o espírito do Médico Rodríguez n-unha inmensa función de creacións sentimentales estíbese desfazendo a cotío en froitos que foron a mantenza de que se nutreu durante medio século a alma da Cidade. O seu espírito era un xardín no que se daban as mais vizosas e escolleitas rosas; e a Cruña tiña un santo cheirume de vida ridente, de terra fartureita, de nobre fidalguía, de corazóns limpos onde tiñan mermo e garimoso acougo todas as tolerancias, porque todas as xentes lucian no seu peito as rosas do xardín do Médico Rodríguez.

Aquela intelixencia de sabio, aquel corazón d-apóstol e de poeta, farán da súa figura a figura mais suxeridora, mais simpática e mais fidalga da Historia de Galicia. Home que ofrendou a vida enteira no santuario da Liberdade, nos derradeiros anos con visión de profeta presinteu a liberdade de Galicia, e adicouse de cheo a predicar na nosa Faia os grandes destinos que os galegos temos que cumprir na civilización do mundo. Os irmáns da Faia veremos sempre n-él ao patricio bon e xeneroso.

LUIS PEÑA NOVO.

Papel de fumar

N O R O E S T E

Na Estrada do porvir

A Portela Valladares

No camiño...

¡Fortes badaladas dos sinos botados a rebato!
Cal outramente, coidárase unha montería contra os lobos
Era a xesta gloriosa da Raza.
¡A vos da Terra!

* * *

Fouces e legóns escintileaban con arcos de sol pen-
durados encol d'un mar de testas. Escoita, ladrón... ¡Terra
e Liberdade.

* * *

¿Que tes medo? Onde ti vaias seguiranche as verbas
lumiosas do motín.

¿Non ouces xa, cal se erguen no fondo da tua conciencia?

* * *

Carón de min, teño unha vella estampa da revolta dos
aldeans do Tirol.

¿Porqué vexo n-ela unha profecía pr'o pobo galego?

* * *

¡Lindo xoguete, mercáchelle, foreiro á tua filla!
Es pai... ¿Mais non ves cal choran de fame os fillos do
labrego?

* * *

Contados, rompidos, cal os lanzals piños irmáns, pol-o
furan de inverno caíron ós primeiros disparos "os bós
e xenerosos".

Cacique... ¡A mais de ladrón, tí es asesino!

* * *

Un berro que lle fenda o corazón aos malvados.

¡Terra a Nosa!

* * *

Bica na fronte ao teu fillo morto, nai galega, cò teu bico,
de caridades, cinguirás á croa dos mártires a estrela má-
ñificente dos apóstoles.

* * *

Aquil vello, debruzado encol da terra mollada no seu
sangue, tiña na sua man rustida, tan fortemente apreixa-
da a fouce, que para arrincarilla, houbo que lle crebar os
hosos.

* * *

Aguniante, fuxindoll-a vida a moreas, pol-a abertas fe-
ridas, aínda tivo forzas pra tiral-o cantullo, con toda rá-
bea epileítica, da derradeira maldizón.

* * *

Coa man chea de sangue, e apertando o buratò da bala:
—Miña nai, non choré, non se poña diante, váyame
apañar aló embaixo outro mandil de pedras.

* * *

¡Adeus!... Un bico... fuxe e salvate, meu fillo... Can-
do vexas meirande lémbtrate sempre de que eles mataron
á tua nai.

* * *

A porta do Camposanto, o can sen donos, oubeaba lon-
gamente na noite azul...

* * *

¡Lástema que non vivas alguns anos mais, vello padre!
Pro non terías valor para agardalo día supremo...

L. AMADO CARBALLO.

Use vosté papel de fumar

NOROESTE

Don Manuel Lago González

Xa é unha realidade o nomeamento d'Arzobispo de
Compostela á favor do Sr. Lago González, bispo que foi
de Tuy.

Galicia ínteira sinteu unha grande satisfacción, porque
trátase d'un home intelixente, bô, e sobre todo galego dos
que teñen arelas por encumar a terra do seu nascimento.

O noso Arzobispo é un grande amigo da fala, que na
sua mocidade empregou en escelentes versos, e agora na
idade madura aconsella, nas suas visitas pastorás, que non
deixe de falarse cò amor e respecto de que é merecente.

Galicia está de noraboa, pois, ao fin, ocupa o solio de
Xelmírez un galego de verdade e non un estranxeirizante
como hasta agora viñemos sufrindo.

Dende estas humildosas columnas mandamos ao señor
Lago González a nosa felicitación e o testimonio da nosa
irmandade e cariño.

¡Terra a nosa!

O Sr. Vázquez Enríquez e a Diputación provincial

A prensa diaria publicou aos catro ventos a noticia de
haber sido suspendido no seu còrrego de diputado per acor-
do de Diputación provincial, o noso querido amigo e entu-
siasta galeguista Sr. Francisco Vázquez Enríquez. Nos-
outros dámoslle a mais entusiasta embora ao Sr. Vázquez
Enríquez, porque o acordo da Diputación provincial é un
salvoconduto de honorabilidade que pode ostentar para
sempre con lexítimo orgullo na sua actuación política.

A Diputación obrou inspirada n-un sentimento de cra-
se: alí todos son caciques, e para eles tén que ser un intru-
so todo o que intente entrar alí sin levar a divisa d-algunha
das ganaderías caciquiles da provincia. Xa dí o refrán que
cando Deus quer perder aos homes, vólveos tolos, e tolos
están os caciques provinciales que cò seu acordo non fixe-
ron mais que darlle maior prestixio e vigor para loita ao
seu enemigo.

A nosa embora, pois, ao Sr. Vázquez Enríquez, e a
nosa embora a Galicia enteira, porque cando os caciques
perden os estribos, como vulgarmente se dí, é que xa es-
tán no pasamento. Esto de pasamento dise d-aquelas xen-
tes que xa entraron na agonía da morte.

Escola Dramática Galega

Grandes funcións no Teatro Rosalia Castro

O DIA 10 - Reestreno do grandioso drama
"A PONTE", de Lúgrís Freire

O DIA 12 - Estreno do drama de ambiente
señorial "O PECADO ALLEO", de Leandro
Carré

Gran campaña agrario-nacionalista

O MITIN DE OLEIROS

O día 18 do corrente mes, celebróuse na parroquia de Oleiros, un mitin de afirmación agrario-nacionalista, organizado pol-o "Comité Anticaciquil de Santa Cruz do Porto", que drixen con tanta valentía os loitadores irmáns Xosé Taboada e Manoel Pita.

Asistiron a este mitin (que tiña por obxecto organizal-as forzas anticaciquiles do Ayuntamiento de Oleiros), significados elementos d-aquela comarca mariñana, e entre os que podemos lembrar, aos seguintes Sres. D. Xesús Zapata, do Sindicato agrario de Oleiros; D. Manuel Marzoa, don Francisco Castro, D. Xosé Castro, da Sociedad de ganaderos de San Jorgé de Iñás; D. Eduardo Martínez, don Manuel González, D. Xosé Taboada e D. Manuel Pita, do "Comité Anticaciquil de Santa Cruz do Porto". Recibíronse moitas adhesións dos elementos agrarios da circunscripción, nas que en verbas cheias de rebeldía, animan aos agrarios e veciños das Mariñas, a liberarse da salvaxe opresión dos caciques "ozoristas".

Da Cruña asistiu unha numerosa comisión de nacionalistas, entre os que lembramos aos seguintes irmán, Rodríguez Sabio (Tomás), Rodríguez Sabio (Enrique), Víctor Casas, Anxel Casal, Bernardino Varela e Benito Ferreira.

Con unha numerosa concurrencia, dou comenzo o acto ás cinco da tarde.

Fixo a presentación dos oradores, pronunciando unhas verbas cheias d-espranza e rebeldía, o noso querido amigo Xosé Taboada.

Seguíronno no uso da palabra os irmáns Peña Novo e Lúgrís Freire e o propagandista Martín Martínez.

Todol-os oradores, pronunciaron discursos valentes e cheios de doutrina que non damos a coñecer (contra o noso desexo) pl-a falta d-espacio. Ao final dos discursos e durante o seu curso, ouvíronse grandes ovacións, en premio á labor desarrollada pol-os nosos irmáns.

Con vivas a Galicia libre, deu remate este mitin, que deixou unha fonda lembranza nos veciños de Oleiros e serviulles de alento, para seguir loitando pol-o conxuramento da súa liberdade cidadana.

MITIN EN SANTA CRUZ DE MERA

Seguindo esta valente campaña de propaganda agrario-nacionalista, que tanto entusiasmo despertou nos elementos anticaciquiles da circunscripción e de toda Galicia, o luns 19, celebróuse no lugar de Santa Cruz de Mera, do Ayuntamiento de Oleiros, un gran mitin, octavo da campaña.

Asistiron ao acto valiosos elementos anticaciquiles d-aquelas terras, entr-os cuales lembrámonos dos señores Benito Vázquez Cividanes, Juan Fernández Pereira, Eduardo Gómez Sánchez, Pedro Moscoso, Rosendo García e o valente loitador Manuel Pita, repersentante do "Comité Anticaciquil de Santa Cruz do Porto". Tamén foron da Cruña para asistir ao mitin os nosos irmáns na causa Carlos

Monasterio, Lois Somoza, Rodríguez Sabio (Enrique) e Rodríguez Sabio (Tomás).

Con a asistencia de unha moi numerosa e entusiasta concurrencia, dou comenzo o mitin as seis da tarde.

Fixeron uso da palabra os Sres. Peña Novo e Martín Martínez, que pronunciaron discursos cheios de emoción e rebeldía, que chegaron ao fondo do corazón das xentes que os escoitaban.

Ao rematal-os discursos, salvas d-aplausos coroaron as derradeiras verbas dos nosos amigos, que deixaron n-aquel lugar grata lembranza.

Douse por rematado o mitin, dándose moitos ¡vivas a Galicia! e ¡Terra a nosa!



O domingo 1.º de Abril, celebrarase un grandioso mitin (novenos d-esta campaña) na "Sociedad Recreativa e Instructiva da Mocidade de Cecebre", ao que asistirán todol-os elementos anticaciquiles do Ayuntamiento de Cambre, que están agardando o momento d-enfrentarse cas horas do cacique liberal-demócrata e dos "rilos" d-aquel Ayuntamiento.

MOVIMENTO AGRARIO

A manifestación de Tuy

O día 25 celebrouse en Tuy unha manifestación para rendir homenaxe aos mortos na traxedia de Sobredo, e eisixir responsabilidades aos culpabres d-aqueles asesiados. O sangue vertido en Sobredo santificou unha vez máis o movemento agrario galego, cúa historia é un "viacrucis" de martirios.

Galicia enteira entendeu así, e de todol-os recunchos da nosa terra foron emisarios para asistiren á manifestación. D-esta Irmandade foron os irmáns Peña Novo e Rodríguez Sabio. Nunca en Galicia se veu un acto tan imponente, tan impresionante e conmovedor. Mais de doce mil labregos coas bandeiras de Galicia ao fronte entraron pola mañán na Cidade de Tuy por total-as rúas cantando himnos de libertade.

Xa en caixa iste número non podemos reseñar no pouco espacio e tempo de que dispoñemos a trascendencia do acto. Abonde dicir que o Goberno prohibeu a manifestación porque os caciques, por instinto de conservación, mobilizaron todos os obstáculos para impedil-a, e pese a toda a manifestación realizouse porque aquel era un inmenso exército de labregos que ningunha forza podía conter. A xente choraba de emoción, e todos se daban conta de que estaban vivindo un momento histórico, de que despois d-aquela manifestación de patriotismo ardoroso e vibrante xa ninguén pode parar o movemento de liberación que coma unha ola xigantesca avanza pol-os nosos agros.

A ampla alameda de Tuy ás veiras do río Miño, era coma un templo da Natureza, no que a multitude, baixo a bóveda das árbores seculares e diante as dôres da terra malferida prestaba o nobre xuramento de vengal-os mortos e redimir para sempre á Nai Galicia.

Despois de dirixiren breves palabras aos manifestantes algúns dos delegados forasteiros para significaren a solidariedade de toda Galicia co acto que se estaba celebrando, pronunciou un gran discurso, cheo de santa emoción, o ilustre galego Sr. Portela Valladares, un discurso que a veces era unha oración, outras unha arenga de loita, outras unha definición xusta e precisa da orientación que debe levar o movemento agrario, e sempre n-él latexaba como "ideia-mater" un profundo amor a Galicia, para a que pideu soberanía e liberdade.

Portela Valladares, que falou en galego, que sinte á Terra nosa como poucos galegos, que é o único parlamentario que fai política galega, único que no Parlamento reclamara a abolición dos foros, recibiu en Tuy a consagración de todol-os seus merecimentos por aquel exército de labregos que con entusiasmo delirante proclamouno como o seu caudillo. Nos outros suscribimos integramente o seu discurso, do que é a frase seguinte, que ela sola debe constituir un novo évanxelio para todal-as xentes que pensen honradamente na liberdade de Galicia:

"Por riba de todal-as persoas e de todal-as ideas, debes poñer sempre o intrés supremo da Nai Galicia".

Pol-a tarde do mesmo día déronse seis mitís no distrito de Tuy. No día seguinte celebráronse once mais. En todos eles o entusiasmo da multitude foi inenarrable. A impresión que dan as terras de Tuy é a d-unha inmensa fogueira de patriotismo que ha de poñer lume en todol-os espíritus e ha de queimar toda a vella política. Somentemente nos resta dicir que Galicia enteira debe contemplar con orgullo a labor dos agrarios de Tuy.

Xuntanza Nazionalista Galega da Habana

Por novas recibidas fai días pol-o noso querido irmán na causa Tomás Rodríguez Sabido, representante en Galicia da Xuntanza Nazionalista Galega da Habana, sabemos a gran labor patriótica que esta entidade ben realizando, a pesar da guerra que lle ten declarada, os "comotagos" e ilotas galegos hespañolistas, que mangonean o "Centro Gallego" da Habana, que ten de todo menos de galego, e o ministro plenipotenciario da Hespaña da pandereta.

Nós, que conoscemos o moito que fai quencel-o corazón dos nosos irmáns do desterro, o lume sagro do ideal nacionalista, espallado en aquelas terras pol-os irmáns feitos ao carón da ideoloxía da escoia nacionalista da Cruña, temol-a seguridade ausoluta, que non haberá nada nin ninguén, que poida impedir a continuación d-esta valente e sagra cruzada, que pol-a fé con que é feita, dará o froito que eles e Galicia desexan.

Dende estas columnas, sempre atentas ao movemento nacionalista galego na Illa de Cuba, enviamos a nosa embora e alentamos con todo agarimo aos nosos queridos irmáns Rebollar, Gómez, Orjales, Alonso e demais membros do Consello Directivo da Xuntanza, para que sigan súa ecougo ao pé do cañón, até facer caer as fortalezas en que se defenden os ilotas e desleigados mangoneadores do nome de Galicia en terras cubanas.

¡Adiante, irmáns e leña aos fillos expropios de Galicia!

¡Terra a Nosa!

Teixeira de Pascoaes

Noso moi querido amigo o gran poeta portugués Teixeira de Pascoaes, acaba de ser nomeado académico da Academia de Ciencias de Lisboa. Teixeira de Pascoaes é na actualidade o millor poeta da península ibérica. Teixeira de Pascoaes é o poeta da saudade, o excelso cantor da raza portuguesa que olla con grande amor á raza galega irmán da súa e que soña constantemente, nos seus xurdios versos latexa tan nobre arela, co'a unión dos dous pobos para cumprir a misión que a historia tenll-as asignada e que cobizas ou erros políticos non conqueriran endexamais torcer. Teixeira ven seguindo con grande intrés o desenrolo do movemento nacionalista na Galicia e interésase fondamente por él.

Por todo esto, nós consideramos a Teixeira de Pascoaes como un irmán noso e tamén como un mestre. Véxase, pois, a nosa lección ao saber que ya ocupar un posto que ninguén ten máis merecido e que a súa grande figura haberá de honrar.

Reciba o noso admirado irmán, con estas liñas, a expresión sincera e cordial da nosa satisfacción e da nosa embora.

A "Irmandade da Fala" da Cruña enviou a Teixeira de Pascoaes un garimoso telegrama de felicitación.

Alborada

Rompe o día feiteiro
y-o ventín do Trincadeiro
funga xa no piñeirai.

Os cantores

Reiseñores

cantan todos pol-o val.

As fontañas e regueiros

murmuran lo mainos van,

non hai néboa nos outeiros

nin nas corgas, nin no chan.

Xa o orballo centilea

nas follías da herba mol:

¡Ou, rapaces d'esta aldea!

vinde a ver naceu-o sol.

¡Ou, rapaces vinde logo!

que xa nace como fogo,

que xa brila e alumea

con moi viva craridá...

¡Ou, rapaces d'esta aldea!

vinde-o ver que naceu xa.

Cantemos, cantemos todos

cantigas da nosa terra:

o sol da verde Galicia

moita fartura alumea.

Xa da o sol na frondente ladeira

donde están os pomares en frol.

¡Ay! o sol da feliz primadeira

¡que prácido sol!

O sol da nosa aldea

bendito sea

que cobre os ceos d'azul color

y-henche corgas e vales e montes

e regueiros e regos e fontes

de ventura, de vida y-amor.

MANUEL LAGO GONZALEZ

TEATRO GALEGO

Escola Dramática Galega

Unha das milliores veladas realizadas pol-a entusiasta e patriótica "Escola Dramática Galega" foi a celebrada o día 18 do pasado. Repetiu o grandioso drama do noso irmán LUGRÍS FREIRE titulado "Minia", que o mesmo que a vez anterior foi representado de xeito admirabile, colleitando os intérpretes e o autor moitos e moi merescidos aprausos.

Representou tamén unha chistosísima obra portuguesa, "Potica vergoña", cuíñas escenas grandemente cómicas fixeron escachar de risa aos concurrentes a esta velada, que resultou moi lucida.

A "Escola Dramática Galega" representará no teatro Rosalía de Castro, os días 10 e 12 de Abril o drama de LUGRÍS "A Ponte" e o de Carré Alvarelos "O pecado alleo".



Na velada que á "Escola Dramática Galega" celebrou o domingo 25 na Irmandade, representou novamente a comedia de LUGRÍS "O Pazo". O mesmo que as veces anteriores, foi a obra moi ben interpretada, colleitando moitos aprausos os rapaces que a levaron a escena e o seu autor.

LECTURAS

"Céltiga".—Ferrol.

Púxose á venda o número 11 d'esta interesante publicación cada día mais popular e millor presentada. O citado número publica un traballo inédito do conocido catedrático de antiago Dr. Roberto NÓVOA SANTOS, titulado "A Santa Compañía", que foi escrito expresamente para "Céltiga".

O Dr. NÓVOA SANTOS, ve a "Santa Compañía" como sabio e como filósomo, reproducindo n'ela algunhas das curiosas especulaciós do seu derradeiro libro "Physis y Psiquis"; "A Santa Compañía" é un dos traballos mais transcendentás que se teñen publicado no noso idioma.

lustrou "A Santa Compañía" ó gran pintor e dibuxante Bello Piñeiro.

O número 12 de "Céltiga" publicará unha colección de contos de Correa Calderón que levan por título "Luar" e que irán ilustrados por Cebreiro.

Fume vosté con papel

NOROESTE

Lea vostede o próximo número de

A NOSA TERRA

Fábrica de Xergóns
e catres metálicos

ORZAN, 70

(Frente do Pórtico de San Andrés)

ZINCKE HERMANOS

LIBRERIA — PAPELERIA

IMPRESA

Cantón Grande, 21—Estrella, 37

— A CRUNA —

Novos Almacenes Coruñeses

Tecidos nacionás e estranxeiros
Vendas por maior e menor

Fonte de San Andrés, 18, 20 e 22

A Cruña

EFECTOS NAVALES

— DE —

Ferrer e Compañía-Sucesores

F. BERTRAN E MIRAMBELL

Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xeneras para equipo da Mariña, mili-
tar, vapores, barcos de vela e pescadores.

FARMACIA EUROPEA

— DE —

Lopez Abente

— REAL, 55 —

A mellor surtida da Cruña e un dos estabre-
cimentos da súa cras que mais honran a Gali-
cia. Montada con arreglo aos derradeiros adian-
tos.

"Patente-Salvavidas"

O mellor para pintar os fon-
dos dos barcos. Ganou Di-
proma de Honor, Gran pre-
mio e medalla de ouro nas
Exposiciós de París-Londres.

REPRESENTANTE

F. Bertran e Mirambell

VIGO-CRUÑA

Paulino Freire

BOUZAS - VIGO

Sucursales: en Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para farrafa
Aparellos, armados e en panos, para
barcos pesqueiros
Malletas de abacá e cáñamo alquitra-
nado—Cables de aceiro, ingleses
Aceites minerás e vexetaes, e surtido
compreto para maquinaria e pesca

— Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUNA —

Grandes Almacés de Tecidos

NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIÓNS

Inmenso surtido en Panos da Rexión
e Estranxeiro. Confeciónanse toda cras
prendas para mulleres, homes e nenos

SAN ANDRÉS, 41 e 43—Teléfono 256

A CRUNA

Fillos de H. Hervada

Casa fundada en 1865

A CRUNA

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES,
MAQUINARIA AGRÍCOLA, PEDRAS
FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.